

CANTIGAS de temas MUSICAIS

Toca miña pandeireta
se non heite de rachar
que me custáchelos cartos,
axúdamos a gañar

O moito bailar é feo
o pouco póñeo ben;
remudade ós tocadores
que queren bailar tamén

¿Por que non cantas, paxariño?
¿por que non cantas de día?;
¿Ou se foi cousa de noite
que non se saiba de día?.

Por toca-la pandeireta,
por toca-la pandeiretiña;
gañei un pano de seda
que me deu miña madriña.

Mozas do lugar de abaixo,
dicídelle ás de arriba,
que foliada como a de hoxe,
non a vin na miña vida

Con esta miña gaitiña
as mozas hei de enganar;
elas non sexan toliñas,
non veñan ó meu tocar.

Anque cantes toda a noite,
anque volvas a cantar;
anque mas digas falando
por debaixo has de quedar

Este pandeiro que toco
Era de coiro de ovella;
Aínda onte comeu herba,
Hoxe toca que arrabea.

Este pandeiro que toco
Era de coiro de ovello;
Onte comía nas herbas,
Hoxe toca que arrabea

Por cantar, rir e bailar,
Nunca se perdeu ningún;
Perdeuse por murmurar
Da vida de cada un.

¿Por que non cantas, paxariño?
¿por que non cantas de día?;
¿Ou se foi cousa de noite
que non se saiba de día?.

Por toca-la pandeireta,
por toca-la pandeiretiña;
gañei un pano de seda
que me deu miña madriña.

Mozas do lugar de abaixo,
dicídelle ás de arriba,
que foliada como a de hoxe,
non a vin na miña vida

Con esta miña gaitiña
as mozas hei de enganar;
elas non sexan toliñas,
non veñan ó meu tocar.

Anque cantes toda a noite,
anque volvas a cantar;
anque mas digas falando
por debaixo has de quedar

Este pandeiro que toco
Era de coiro de ovella;
Aínda onte comeu herba,
Hoxe toca que arrabea.